



**Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a
Federación Galega de Ciclismo para a realización do programa de promoción e
desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2019**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coa Federación Galega de
Ciclismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que
abrange dende o 15 de maio ata o 31 de decembro de 2019

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral
para o Deporte e a Federación Galega de Ciclismo co fin da realización por esta das
actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do
deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade, segundo se indica no artigo
56 e concordantes da norma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á
consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Colaborar cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos
programas de promoción deportiva para a anualidade 2019, co fin de fomentar o
deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de
Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

